



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANUNCIO EN PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA PREVIA Á APROBACIÓN DE ORDENANZA MUNICIPAL.

Expte. TEDEC: 2023/G013/000002 (Ordenanza).

Expte. TEDEC: 2023/G003/000539 (Decreto).

Mediante resolución de Alcaldía con número de Decreto 473/2023, de 5 de setembro de 2023, aprobouse a necesidade dunha consulta pública, a través do portal web do Concello da Baña (<https://www.concellodabana.gal>) na que se recollerá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

Outorgarase un prazo de achegas por parte da cidadanía de 7 días naturais dende a publicación do anexo na web municipal, dito prazo de achegas finalizará o vindeiro 12 de setembro de 2023 ás 23:59 h. As achegas deberán realizarse a través da sede electrónica empregando o formulario de achega de documentación complementaria, indicando no apartado "código de expediente" o seguinte: 2023/G013/000002.

Poderase acceder a dito trámite de participación cidadá a través do seguinte enlace: https://sede.concellodabana.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/AportacionDocumentacion_N

A continuación, recóllese o anexo ó que fai referencia o Decreto 473/2023.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ANEXO – ASPECTOS OBXECTO DA CONSULTA PÚBLICA:

Vista a necesidade de elaboración dun anteproxecto de Ordenanza Reguladora dos Ruidos do Concello de A Baña, e de conformidade con artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), co obxecto de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza arriba referenciada procédese a sustanciar unha consulta pública, a través do Portal web do Concello de A Baña, na que se recabará a opinión dos cidadáns e das organizacións e asociación máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poden facer chegar as súas opinións por escrito, as cales se poderán presentar telemáticamente no Rexistro deste Concello ou a través dos medios previstos na LPACAP no prazo de 7 días naturais dende a publicación do presente anuncio na páxina web municipal.

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

Con esta iniciativa normativa, nunha materia sobre a que non existe outro instrumento regulador aprobado polo Concello da Baña, preténdese acometer a regulación da loita contra o ruído dende a perspectiva máis ampla e integradora posible, abarcando tódalas vertentes nas que se pon de manifesto este problema:

1. Prevención, vixilancia e control a través dos instrumentos de avaliación e xestión do ruído ambiental.
2. Actuación administrativa de inspección, control e disciplina sobre os diferentes emisores acústicos. .

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

O Concello da Baña estima preciso aprobar unha Ordenanza incardinada na potestade que a lexislación outorga ó Concello en materia de medio ambiente e saúde pública, en orde á protección das persoas e dos bens contra as agresións derivadas da contaminación acústica dentro dos límites do seu propio ámbito territorial e competencial.

En conexión co anterior, é determinante que as prescricións de dito instrumento normativo serán de obrigado cumprimento para toda actividade, instalación, establecemento, edificación, equipo, maquinaria, obra, vehículo e calquera comportamento individual ou colectivo, de titularidade pública ou privada, que no seu funcionamento, uso ou actividade, xere calquera tipo de contaminación por ruído dentro do ámbito territorial deste Concello.

c) Os obxectivos da norma.

Os obxectivos desta iniciativa regulatoria, no exercicio das competencias do Concello da Baña e na aplicación e adaptación das lexislacións europea, autonómica e estatal vixentes, son protexer á veciñanza dos efectos adversos do ruído excesivo propio da vida urbana e das diversas actividades que poidan xerar externalidades negativas para a tranquilidade e benestar da poboación bañense, evitando así os seus efectos negativos sobre a saúde e



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

preservando a calidade de vida dos cidadáns, a protección do medio ambiente, a saúde e a tranquilidade das persoas.

Para isto, O Concello da Baña, dentro das súas facultades:

1. Exercerà o control do cumprimento desta Ordenanza
2. Esixirá a adopción das medidas preventivas, correctoras ou reparadoras necesarias, sinalando as limitacións pertinentes.
3. Ordenará cantas inspeccións sexan precisas.
4. Aplicará as sancións correspondentes, no caso de incumprirse o ordenado.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Dado que se considera xustificada a conveniencia e oportunidade de redactar unha ordenanza como instrumento capaz de establecer un marco xurídico de referencia na materia, que incorpore as concretas especificidades que se dan no Concello. Estímase que non existe instrumento normativo máis apropiado para acadar o fin perseguido que a adopción desta Ordenanza. .

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.